

ACTA DE REQUIRIMENTO DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS ÁS PERSOAS PRESELECCIONADAS POLO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE CONFORMIDADE COAS BASES DO PROGRAMA DE EMPREGABILIDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL "O TEU PRIMEIRO EMPREGO"

No Concello de Lalín, sendo as 10:00 horas do día 8 de agosto de 2019, de conformidade co disposto nas Bases de selección do Programa de fomento da empregabilidade "O teu primeiro emprego" para a selección de 2 Licenciados/Grao en dereito, 1 Enxeñeiro Técnico/ Grao en Enxeñería en Obras Públicas e 1 Administrativo, reúnese o tribunal cualificador, integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Román Pérez García.
- Secretario: Antonio Bernárdez Nogueira.
- Vogais:
 - Julio Couto Méijome.
 - Susana Pereiro Pájar.
 - Ángeles Varela Brandido.

1.- DOCUMENTACIÓN PARA VALORACIÓN DE MÉRITOS

De conformidade co establecido na base 3ª das referidas, o Tribunal cualificador neste acto requírelles aos candidatos/as preseleccionados polo Servizo Público de Emprego para que no prazo de **5 días naturais** a contar dende a data actual, presenten no Rexistro de Entrada de documentos deste Concello toda a documentación que consideren oportuna de conformidade có establecido nas referidas bases para a valoración dos méritos.

Os documentos presentados deberán ser preferentemente orixinais ou copias cotexadas, en formato A4 e sen grapas, para facilitar así a dixitalización dos mesmos, debendo acompañarse xunto coa instancia un índice da documentación que se aporta.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración dos cursos en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

A documentación presentada fora do prazo indicado non será tida en conta.

2.- VERIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN APORTADA.

Este tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada así como cantas precisións se estimen oportunas.

A súa vez, este tribunal queda autorizado para solucionar as incidencias que poidan xurdir neste proceso selectivo, así coma para levar a cabo as interpretacións necesarias en relación coas bases e coa valoración de méritos.

E non sendo outro o obxecto, o Presidente dá por finalizada a sesión, sendo as 11:30 horas do mesmo día citado no encabezamento. Esténdese a presente acta, da que, como Secretario, dou fe.

